

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central -		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/28/2016	GOB10I0FK	
3A6D0N6L72281D040G1N		
2 3 A 6 D 0 N 6 L 7 2 2 8 1 D 0 4 0 G 1 N j »		
2 3 A 6 D 0 N 6 L 7 2 2 8 1 D 0 4 0 G 1 N j »		

**XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTEOITO DE XULLO DE DOUS MIL DEZASEIS**

<b>SRES/AS ASISTENTES:</b>  <b><u>SR ALCALDE-PRESIDENTE:</u></b> JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ  <b><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u></b> D/D <sup>a</sup> MARIAN FERREIRO DIAZ D/D <sup>a</sup> GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D <sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D <sup>a</sup> NATALIA HERMIDA RICO D/D <sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D <sup>a</sup> CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/D <sup>a</sup> PABLO VILLAMAR DIAZ  <b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/D <sup>a</sup> MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ  <b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/D <sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 12:20 do vinteito de xullo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en <b>segunda convocatoria</b> . Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.  Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.  Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:
--	--

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

**2 .- DACIÓN DE CONTA DAS LICENZAS DE OBRA OUTORGADAS POLO CONCELLEIRO DE URBANISMO DE XANEIRO A XULLO DE 2016.**- Dase conta da seguinte relación de licenzas de obras:

DAR CONTA DA RELACIÓN DE LICENZAS DE OBRAS OUTORGADAS POR RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO, **NOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO, MARZO, ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2016.**

**XANEIRO 2016**

EXP.-	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
-----	-----	-----	-----

**FEBREIRO 2016**

EXP.-	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
753/2007	SERVICIOS Y CONTRATAS GEO S.L.	Renuncia expresa á licenza, devolución do ICIO e arquivo do expediente de construción dun edificio	Rúa Cerrallón de Arriba esquina Estrada de Cedeira.

### MARZO 2016

EXP.-	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
502/2010	Mª CELIA RODRÍGUEZ OTERO	Prórroga de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar	Lg. Colmeote- San Xosé Obreiro.

### ABRIL 2016

EXP.-	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
180/2015	ELENA DÍAZ BOUZA	Rehabilitación de vivenda unifamiliar	Estrada de Castela, 129.
23/2014	PILAR LAMAS PORTO	Rehabilitación de vivenda unifamiliar	Rúa María Soliña, s/n. O Ponto.
427/2013	PABLO LÓPEZ BACELO	Prórroga de licenza para a ampliación dunha 2ª planta e baixo cuberta, para vivenda e trasteiro en edificio existente	Rúa Cangas, 15.
50/2011	ENRIQUE ANÍBAL SOUTO MARTÍNEZ	Modificación de licenza (reducción de altura do edificio)	Avda. de Castelao esquina Avda. do Mar e Camiño da Praia.
50/2011	ENRIQUE ANÍBAL SOUTO MARTÍNEZ	Prórroga de licenza para a construción dun edificio sen uso definido	Avda. de Castelao esquina Avda. do Mar e Camiño da Praia.
19/2016	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ROSAL 2-4	Instalación dun ascensor en edificio existente	Rúa Rosal, 2-4.
132/2015	JOSÉ ÁNGEL CORRAL MEIZOSO	Construción dunha vivenda unifamiliar	Lg. de Camiño-Sedes.
97/2015	MERCEDES GÓMEZ MORANDEIRA (autorizada por Aprotécnic y Peritos S.L.- autorizada á súa vez por Solvia Servicios Inmobiliarios S.L.- en repres. de Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria S.A.)	Demolición de tres construcións en estado de ruina	Rúa Peregrino Aceñas, núms. 4, 6 e 8.
172/2015	CELESTINO ARMÁN COUCE e Mª JESÚS PRIETO PAZ	Construción dunha vivenda unifamiliar	Rúa Campo da Lebre, 13- O Feal.
183/2008	VIACOR INMOBILIARIA S.L.	Incoación de expediente de caducidade da solicitude de licenza para a construción dun edificio	Rúa Ramón Cabanillas esquina rúa Rafael Bárez.
184/2008	VIACOR INMOBILIARIA S.L.	Incoación de expediente de caducidade da solicitude de	Rúa Colmeote esquina rúa Rafael



		licenza para a construción dun edificio	Bárez.
--	--	---	--------

**MAIO 2016**

EXP.-	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
145/2015	ANTÍA CARRODEGUAS MIRA	Construción dunha vivenda unifamiliar	Lg. Nelle, 61-Castro.
50/2015	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS LEIRAS PULPEIRO, 4-6	Instalación dun ascensor en edificio existente	Rúa Leiras Pulpeiro, 4-6.
183/2008	VIACOR INMOBILIARIA S.L.	Arquivo por caducidade do expediente de solicitude de licenza para a construción dun edificio	Rúa Ramón Cabanillas esquina rúa Rafael Bárez.
184/2008	VIACOR INMOBILIARIA S.L.	Arquivo por caducidade do expediente de solicitude de licenza para a construción dun edificio	Rúa Colmeote esquina rúa Rafael Bárez.
118/2012	JOSÉ SANTALLA HERMIDA	Prórroga de licenza para a construción dun edificio de planta baixa, 2 plantas altas e baixo cuberta	Rúa García Morato.

**XUÑO 2016**

EXP.-	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
114/2015	MARÍA LÓPEZ FILGUEIRA e JOSÉ ALBERTO MUÍÑO PIÑEIRO	Legalización e finalización de vivenda unifamiliar	Lugar "Tras do Vilar"- San Martiño de Xuvia.
46/2010	JOSÉ LUÍS LÓPEZ SÁNCHEZ	Prórroga de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar	Lg. Sabín de Abaixo- Sedes.
20/2016	MANUEL DÍAZ BAYOLO	Construción dunha vivenda unifamiliar	Lg. Borreiros, s/n. Castro.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**3 .- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCION PARA A OBRA "REFORZO DO PAVIMENTO EN CAMIÑO DE VILACORNELLE A FILGUEIRAS, FERRERÍAS E CARBALLOS ( O VAL) INCLUIDA NO PLAN MARCO: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIONS AGRARIAS 2016..-** Vista a proposta formulada que di así: Vista a resolución de 25 de xaneiro de 2016, pola que se aproba o Plan Marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento rural (FEADER) ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020, co que se pretende dar continuidade ás actuacións desenvolvidas ao abeiro dos Plan marco: programa de mellora de camiños municipais correspondentes aos períodos 2013-2014 e

2014-2015, xestionados ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007—2013.

Preténdese con este Plan Marco o fomento da competitividade da agricultura, contribuíndo a mellorar a viabilidade das explotacións agrarias e a mellorar os resultados económicos de todas as explotacións agrarias e facilitar a súa reestruturación e modernización.

Vista que se solicitou, por parte deste Concello, a devandita axuda, e se incluiu neste Plan Marco, o proxecto de obras de “Reforzo do Pavimento en camiño de Vilacornelle a Filgueiras, Ferrerías a Carballos (O Val)”, por un importe de 73.457,53 euros, máis 15.426,08 euros de IVE, o que resulta un total de 88.883,61 euros, debido á necesidade de proceder á repavimentación (reposición da rodadura) do vial principal que une os lugares de Vilacornelle con Filgueiras, e o ramal que conduce a Ferreiras e Carballo, camiños que teñen a capa de rodadura totalmente deteriorada dado o seu nivel de uso, e asento de firme, con numerosas actuacións de reparación todos os anos, con continuos rebacheos e limpeza de cunetas.

Visto que con data 25 de maio de 2016 tivo entrada, no Rexistro deste Concello, a notificación de resolución do director xeral de Agader de concesión da axuda do citada Plan, pola que se concede a subvención do proxecto sinalado, ascendendo o importe da axuda a 69.456,90 euros.

Por todo o exposto, e unha vez fiscalizado polo Departamento de Intervención o día 22 de xullo deste ano, esta Alcaldía, no uso das facultades que lle ten atribuídas a lexislación vixente, vén proponer:

**PRIMEIRO.-** Aceptar a subvención asignada a este Concello para a obra de “Reforzo do Pavimento en camiño de Vilacornelle a Filgueiras, Ferrerías a Carballos (O Val)”, por un importe de 69.456,90 euros, incluída no Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016.

**SEGUNDO.-** Así, o cadro de financiamento correspondente á axuda e á achega do Concello, concretando o importe destinado a obra civil e control de calidade, queda como sigue:

	<b>Axuda: Plan Marco</b>	<b>Achega do Concello (aplicación orxamentaria: 17 15320 61900)</b>	<b>TOTAL</b>
Obra civil	68.857,85 €	19.300,92 €	88.158,77 €
Control de calidade	599,05 €	125,80 €	724,85 €
Total	69.456,90 €	19.426,72 €	88.883,62 €

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**4 .- PROPOSTAS DE APROBACIÓN DE XUSTIFICACIÓN ANUALIDADE 2015 DOS CONVENIOS CON AFAL, ALMAT, IES LEIXA E ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL DE MINUSVÁLIDOS.-** Vistas as propostas formuladas que din así:

**PROPOSTA PRIMEIRA.**- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal en data 13 de xuño de 2016 ditou o seguinte Informe-proposta que textualmente di así:

*“Asunto: Proposta de aprobación da xustificación do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer.*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscribe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta :*

**ANTECEDENTES.**

*En data 24-7-2014, apróbase en Xunta de Goberno Local o convenio de colaboración coa entidade Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer do ano 2014, en materia de Promoción Social.*

*En Xunta de Goberno Local de data 24-9-2015 apróbase a xustificación do convenio do ano 2014 e a súa prórroga automática para o ano 2015.*

*En data 18-2-2016, se presenta a xustificación da anualidade 2015, a cal se complementa con posteriores requirimentos e presentacións da documentación esixida.*

*En data 13-6-2016, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa favorablemente a xustificación total do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer.*

**FUNDAMENTOS XURIDICOS**

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Convenio entre o Concello de Narón e a entidade obxecto deste informe.
- Bases de Execución do vixente orzamento.

*Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, informa á Concelleira Delegada en Materia de Promoción Social para que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte proposta:*

*-Aprobar a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Promoción Social coa entidade Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer, con C.I.F:G-15620628.”*

Visto dito informe fiscalizado pola intervención xeral do Concello de Narón (doc.INT10I0MP), no que se fiscaliza de conformidade o informe proposta da Xefa do Servizo Sociocomunitario do 13/06/2016 (SSO10I0Z1), deixando constancia da observación que consta no apartado 5º do informe INT10I0MP, e de que se realizou unha xustificación extemporánea parcial, que conleva a imposición dunha sanción mediante a tramitación do correspondente procedemento sancionador.

Visto o Informe da Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, do 26 de xullo de 2016, no que se propón a non imposición de sanción polos motivos referenciados no mesmo, e que a imposición da sanción dificultaría ou impediría á entidade a consecución dos seus fins.

**Por todo o exposto, á Concelleira Delegada en Materia de Promoción Social, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**APROBAR** a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Promoción social coa entidade Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer (AFAL), con cif G15620628.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**PROPOSTA SEGUNDA.-** A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal en data 21 de xuño de 2016 ditou o seguinte Informe-proposta que textualmente di así:

*“Asunto: Proposta de aprobación da xustificación do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación de Loita Contra os Malos Tratos (ALMAT), en materia de Promoción Social e Igualdade*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscribe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta :*

**ANTECEDENTES.**

*En data 30-12-2015, mediante Resolución de Alcaldía, apróbase o convenio de colaboración coa entidade Asociación, de Loita Contra os Malos Tratos (ALMAT) para o ano 2015, en materia de Promoción Social e Igualdade*

*En data 8-2-2016, se presenta a xustificación da anualidade 2015, a cal se complementa con posteriores requirimentos e presentacións da documentación esixida.*

*En data 20-6-2016, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa favorablemente a xustificación total do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación de Loita Contra os Malos Tratos (ALMAT).*

**FUNDAMENTOS XURIDICOS**

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Convenio entre o Concello de Narón e a entidade obxecto deste informe.
- Bases de Execución do vixente orzamento.

*Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, informa á Concelleira Delegada en Materia de Promoción Social e Igualdade para que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte proposta:*

*-Aprobar a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Promoción Social e Igualdade, coa entidade Asociación de Loita Contra os Malos Tratos(ALMAT), con C.I.F:G-15717721.”*

Visto dito informe fiscalizado pola intervención xeral do Concello de Narón (doc.INT10I0NU), no que se fiscaliza de conformidade o informe da Xefa do Servizo Sociocomunitario do 21/06/2016 (SSO10I11A), deixando constancia da observación que consta no apartado 5º do informe (doc.INT10I0NU) .

*Por todo o exposto, a Concelleira Delegada en Materia de Promoción Social, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

**APROBAR** a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Promoción social coa entidade Asociación de loita contra os Malos Tratos (ALMAT) , con cif G15717721.

A Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta transcrita.

**PROPOSTA TERCEIRA.-** A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal emitiu o seguinte informe con data 20 de xullo de 2016, que textualmente di así:

*“ASUNTO: Informe-proposta de aprobación da xustificación do ano 2015, do convenio de colaboración co Instituto de Enseñanza Secundaria de Leixa en materia de Formación.*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que subscribe, Yolanda García Martínez, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:*



## ANTECEDENTES:

*Mediante aprobación en Xunta de Goberno Local de data 10-9-2015 se válida o convenio de colaboración co Instituto de Enseñanza Secundaria de Leixa en materia de Formación para o ano 2015.*

*En data 7-6-2016, se presenta a xustificación da anualidade 2015.*

*En data 23-6-2016, emétese informe favorable da Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal ,sobre a xustificación do convenio de colaboración co Instituto de Enseñanza Secundaria de Canido en materia de Formación para o ano 2015.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

*-A Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.*

*-RD 887/2006, que desenvolve a LXS.*

*-Bases de execución do orzamento para 2015.*

*-Lei de Patrimonio das Administracións Públicas.*

*-Regulamento de Bens das entidades locais.*

*-Ordenanza fiscal reguladora nº 14 da taxa por servizos prestados polo Padroado de Cultura.*

***Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, informa á Concelleira de Formación, para que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte proposta:***

*-Aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o Instituto de Enseñanza Secundaria de Leixa en materia de Formación para o ano 2015.”*

Logo de ver dito informe, a Concelleira Delegada de Formación propón á Xunta de Goberno Local o antedito.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**PROPOSTA CUARTA.**- A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal en data 9 de xuño de 2016 ditou o seguinte Informe-Proposta que textualmente di así:

**“Asunto:** Proposta de aprobación da xustificación do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación Sociocultural de Minusvalidos.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscribe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta:

## **ANTECEDENTES.**

En data 19-11-2015, apróbase en Xunta de Goberno Local o convenio de colaboración coa entidade Asociación Sociocultural de Minusvalidos do ano 2015, en materia de Promoción Social.

En data 5-2-2016, se presenta a xustificación da anualidade 2015, a cal se complementa con posteriores requirimentos e presentacións da documentación esixida.

En data 02-6-2016, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa favorablemente a xustificación total do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación Sociocultural de Minusvalidos.

## **FUNDAMENTOS XURIDICOS**

- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das

Facendas Locais.

- Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Convenio entre o Concello de Narón e a entidade obxecto deste informe.
- Bases de Execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, informa á Concelleira Delegada en Materia de Promoción Social para que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte proposta:

-Aprobar a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Promoción Social coa entidade Asociación Sociocultural de Minusvalidos, con C.I.F:G-15161573.”

Visto dito informe fiscalizado de conformidade pola Intervención Xeral, documento INT10I0M4, deixando constancia da observación que consta no apartado 5º do informe, documento SSO10I0YC.

Por todo o exposto, a Concelleira Delegada en materia de Promoción Social propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

APROBAR a xustificación total do convenio do ano 2015 en materia de Promoción Social coa entidade Asociación Sociocultural de Minusvalidos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**5 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE ACTIVIDADES DO ANO 2015, CO CENTRO: C.P.R. AYALA.-** Vista a proposta formulada que di así: A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Mª Yolanda Martínez García, con data 27/05/2016, ditou o Informe-Proposta do Servizo Sociocomunitario (ENS10I033), que textualmente transcrito di así:

**“ASUNTO** : *Aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.P.R. AYALA en materia de educación para actividades a desenvolver no P.T.I.D.R. Aldea Nova e na área medioambiental Río Xuvia- Pedroso durante o período xaneiro-décembro de 2015.*

#### **ANTECEDENTES :**

*En data 26-03-2015 apróbase polo Concello Pleno o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.P.R. AYALA en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural “Aldea Nova” e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso, por importe de 2.008,00€.*



*De acordo coa cláusula 6ª do convenio, o C.P.R. AYALA presenta a documentación requirida, procedendo informar favorablemente a xustificación do convenio, executado no período do 01 de xaneiro de 2015 ao 31 de decembro de 2015.*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS :**

- . Lei 7/1985 , do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- . Real decreto lexislativo 781/1986 , do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- . Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e o Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP )*
- . Lei 38/2003, de 17 de novembro , xeral de subvencións (LXS).*
- . Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de Subvencións (RDXS).*
- . Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- . Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.*
- . Convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de educación para actividades a desenvolver no P.T.I.D.R. Aldea Nova e na área medioambiental Río Xuvia-Pedroso.*
- . Bases de execución do orzamento vixente.*

*Á vista do exposto e dos informes emitidos pola Xefa do Servizo Sociocomunitario de data 23/05/2016, esta xefatura PROPÓN á Concelleira Delegada para Cooperación no Ensino e Bibliotecas, de acordo coa Resolución da Alcaldía de data 02/07/2015, eleve proposta á Xunta de Goberno Local para a adopción do seguinte acordo :*

*Aprobar a xustificación parcial, por importe de 2.008,00€ presentada polo C.P.R. AYALA, con C.I.F. F-15043755, mediante facturas xustificativas por importe de 1.895,40€ e procedendo ao reintegro dos 112,60€ sobrantes, correspondente ao convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural “Aldea Nova” e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso no período 01/01/2015 ao 31/12/2015.*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará os acordos que estime máis oportuno.”*

Logo de ver o dito informe fiscalizado de conformidade pola Intervención Xeral o día 22/07/2016 (INT10I0JH), coa observación que consta no apartado 5º de dito informe, esta Concelleira Delegada para os asuntos de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (segundo Resolución da Alcaldía de data 02/07/2015), propón á Xunta de Goberno Local:

- 1.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta

**6 - DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DOS CONVENIOS DE ACTIVIDADES DO ANO 2015, COS CENTROS: CEIP VIRXE DO MAR; CEIP A GÁNDARA E CEIP PONTE DE XUVIA.-** Dase conta das seguintes resolucións:

## **A/ RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

A Xefa do Servizo Sociocomunitario, M<sup>a</sup> Yolanda Martínez García, con data 27/05/2016, ditou o Informe-Proposta do Servizo Sociocomunitario (ENS10I031), que textualmente transcrito di así:

**“ASUNTO :** *Aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.E.I.P. VIRXE DO MAR en materia de educación para actividades a desenvolver no P.T.I.D.R. Aldea Nova e na área medioambiental Río Xuvia- Pedroso durante o período xaneiro-decembro de 2015.*

### **ANTECEDENTES :**

*En data 26-03-2015 apróbase polo Concello Pleno o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.E.I.P. VIRXE DO MAR en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural “Aldea Nova” e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso, por importe de 1.573,70€*

*De acordo coa cláusula 6ª do convenio, o C.E.I.P. VIRXE DO MAR presenta a documentación requirida, procedendo informar favorablemente a xustificación do convenio, executado no período do 01 de xaneiro de 2015 ao 31 de decembro de 2015.*

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS :**

- . Lei 7/1985 , do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- . Real decreto lexislativo 781/1986 , do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- . Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e o Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP )*
- . Lei 38/2003, de 17 de novembro , xeral de subvencións (LXS).*
- . Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de Subvencións (RDXS).*
- . Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- . Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.*
- . Convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de educación para actividades a desenvolver no P.T.I.D.R. Aldea Nova e na área medioambiental Río Xuvia-Pedroso.*
- . Bases de execución do orzamento vixente.*

*Á vista do exposto e dos informes emitidos pola Xefa do Servizo Sociocomunitario de data 24/05/2016, esta xefatura PROPÓN á Concelleira Delegada para Cooperación no Ensino e Bibliotecas, de acordo coa Resolución da Alcaldía de data 02/07/2015, eleve proposta á Xunta de Goberno Local para a adopción do seguinte acordo :*

*Aprobar a xustificación parcial, por importe de 1.573,70€ presentada polo C.E.I.P. VIRXE DO MAR, con C.I.F. Q-1580005-E, mediante facturas xustificativas por importe de 1.479,00€ e procedendo ao reintegro dos 94,70€ sobrantos, correspondente ao convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural “Aldea Nova” e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso no período 01/01/2015 ao 31/12/2015.*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará os acordos que estime máis oportuno.”*

Este informe foi fiscalizado de conformidade pola Intervención Xeral o día 21/07/2016 (INT10I0JF), coa observación que consta no apartado 5º de dito informe.



A Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia, por delegación da Alcaldía, e ante a urxencia da aprobación da xustificación do convenio coa entidade C.E.I.P. Virxe do Mar, é preciso acelerar a tramitación do expediente, co fin de non causar prexuízo a terceiros.

O artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que, “Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, ...”

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire a vixente lexislación, ven en RESOLVER:

1º Avocar a competencia delegada na Xunta de goberno Local para a aprobación da xustificación de convenios de colaboración entre o Concello de Narón e distintas entidades, polos motivos expostos.

2º Aprobar a xustificación, do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.E.I.P. Virxe do Mar, en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural “Aldea Nova” e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso, no período 01/01/2015 ao 31/12/2015.

3º Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local

## **B/ RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Mª Yolanda Martínez García, con data 27/05/2016, ditou o Informe-Proposta do Servizo Sociocomunitario (ENS10I030), que textualmente transcrito di así:

**“ASUNTO :** *Aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.E.I.P. A GÁNDARA en materia de educación para actividades a desenvolver no P.T.I.D.R. Aldea Nova e na área medioambiental Río Xuvia- Pedroso durante o período xaneiro-décembro de 2015.*

## **ANTECEDENTES :**

*En data 26-03-2015 apróbase polo Concello Pleno o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.E.I.P. A Gándara en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural “Aldea Nova” e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso, por importe de 3.283,40€*

*De acordo coa cláusula 6ª do convenio, o C.E.I.P. A Gándara presenta a documentación requirida, procedendo informar favorablemente a xustificación do convenio, executado no período do 01 de xaneiro de 2015 ao 31 de decembro de 2015.*

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS :**

- . Lei 7/1985 , do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- . Real decreto lexislativo 781/1986 , do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- . Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e o Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP )*
- . Lei 38/2003, de 17 de novembro , xeral de subvencións (LXS).*
- . Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de Subvencións (RDXS).*
- . Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

- . *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.*
- . *Convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de educación para actividades a desenvolver no P.T.I.D.R. Aldea Nova e na área medioambiental Río Xuvia-Pedroso.*
- . *Bases de execución do orzamento vixente.*

*Á vista do exposto e dos informes emitidos pola Xefa do Servizo Sociocomunitario de data 23/05/2016, esta xefatura PROPÓN á Concelleira Delegada para Cooperación no Ensino e Bibliotecas, de acordo coa Resolución da Alcaldía de data 02/07/2015, eleve proposta á Xunta de Goberno Local para a adopción do seguinte acordo :*

*Aprobar a xustificación parcial, por importe de 3.283,40€ presentada polo C.E.I.P. A Gándara, con C.I.F. Q-6555311-G, mediante facturas xustificativas por importe de 1.154,20€ e procedendo ao reintegro dos 2.129,20€ sobrantes, correspondente ao convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural “Aldea Nova” e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso no período 01/01/2015 ao 31/12/2015.*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará os acordos que estime máis oportuno.”*

Este informe foi fiscalizado de conformidade pola Intervención Xeral o día 22/07/2016 (INT10I0JE), coa observación que consta no apartado 5º de dito informe.

A Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia, por delegación da Alcaldía, e ante a urxencia da aprobación da xustificación do convenio coa entidade C.E.I.P. A Gándara, é preciso acelerar a tramitación do expediente, co fin de non causar prexuízo a terceiros.

O artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que, “Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, ...”

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire a vixente lexislación, ven en RESOLVER:

1º Avocar a competencia delegada na Xunta de goberno Local para a aprobación da xustificación de convenios de colaboración entre o Concello de Narón e distintas entidades, polos motivos expostos.

2º Aprobar a xustificación, do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.E.I.P. A Gándara, en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural “Aldea Nova” e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso, no período 01/01/2015 ao 31/12/2015.

3º Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

### **C/ RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Mª Yolanda Martínez García, con data 02/06/2016, ditou o Informe-Proposta do Servizo Sociocomunitario (ENS10I03D), que textualmente transcrito di así:

**“ASUNTO :** *Aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.E.I.P. PONTE DE XUVIA en materia de educación para actividades a desenvolver no P.T.I.D.R. Aldea Nova e na área medioambiental Río Xuvia- Pedroso durante o período xaneiro-decembro de 2015.*

### **ANTECEDENTES :**

*En data 26-03-2015 apróbase polo Concello Pleno o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.E.I.P. PONTE DE XUVIA en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal*

*de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural “Aldea Nova” e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso, por importe de 1.462,50€.*

*De acordo coa cláusula 6ª do convenio, o CEIP Ponte de Xuvia presenta a documentación requerida, procedendo informar favorablemente a xustificación do convenio, executado no período do 01 de xaneiro de 2015 ao 31 de decembro de 2015.*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS :**

- . Lei 7/1985 , do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- . Real decreto lexislativo 781/1986 , do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- . Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e o Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP )*
- . Lei 38/2003, de 17 de novembro , xeral de subvencións (LXS).*
- . Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de Subvencións (RDXS).*
- . Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- . Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.*
- . Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.*
- . Convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de educación para actividades a desenvolver no P.T.I.D.R. Aldea Nova e na área medioambiental Río Xuvia-Pedroso.*
- . Bases de execución do orzamento do exercicio 2015.*

*Á vista do exposto e dos informes emitidos pola Xefa do Servizo Sociocomunitario de data 02 de xuño de 2016, esta xefatura PROPÓN á Concalleira Delegada para Cooperación no Ensino e Bibliotecas, de acordo coa Resolución da Alcaldía de data 02/07/2015, eleve proposta á Xunta de Goberno Local para a adopción do seguinte acordo :*

*Aprobar a xustificación parcial, por importe de 1.462,50€ presentada polo C.E.I.P. PONTE DE XUVIA, con C.I.F. Q-6555641-G, mediante facturas xustificativas por importe de 1.279,40€ e procedendo ao reintegro de 182,90€ correspondente ao convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural “Aldea Nova” e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso no período 01/01/2015 ao 31/12/2015.*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará os acordos que estime máis oportuno”*

Este informe foi fiscalizado de conformidade pola Intervención Xeral o día 22/07/2016 (INT10I0JK), coa observación que consta no apartado 5º de dito informe.

A Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia, por delegación da Alcaldía, e ante a urxencia da aprobación da xustificación do convenio coa entidade C.E.I.P. Ponte de Xuvia, é preciso acelerar a tramitación do expediente, co fin de non causar prexuízo a terceiros.

O artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que, “Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, ...”

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire a vixente lexislación, ven en RESOLVER:

1º Avocar a competencia delegada na Xunta de goberno Local para a aprobación da xustificación de convenios de colaboración entre o Concello de Narón e distintas entidades, polos motivos expostos.

2º Aprobar a xustificación, do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.E.I.P. Ponte de Xuvia, en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural “Aldea Nova” e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso, no período 01/01/2015 ao 31/12/2015.

3º Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local  
A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**7 .- DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE XUSTIFICACIÓN DOS CONVENIOS DE ACTIVIDADES DO ANO 2015, COS CENTROS: CEIP A SOLAINA, CPR SANTIAGO APÓSTOL, CPR JORGE JUAN, IES AS TELLEIRAS, CEIP PIÑEIRO E CRA DE NARÓN..-**

Dase conta das seguintes resolucións:

**A/ RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Mª Yolanda Martínez García, con data 02/06/2016, ditou o Informe-Proposta do Servizo Sociocomunitario (ENS10I03K), que textualmente transcrito di así:

**“ASUNTO :** *Aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o CEIP A SOLAINA en materia de educación para actividades a desenvolver no P.T.I.D.R. Aldea Nova e na área medioambiental Río Xuvia- Pedroso durante o período xaneiro-decembro de 2015.*

**ANTECEDENTES :**

*En data 26-03-2015 apróbase polo Concello Pleno o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o CEIP A SOLAINA en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural “Aldea Nova” e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso, POR IMPORTE DE 4.229,60€.*

*De acordo coa cláusula 6ª do convenio, o IES As Telleiras presenta a documentación requerido, procedendo informar favorablemente a xustificación do convenio, executado no período do 01 de xaneiro de 2015 ao 31 de decembro de 2015.*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS :**

- . Lei 7/1985 , do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- . Real decreto lexislativo 781/1986 , do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- . Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e o Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP )*
- . Lei 38/2003, de 17 de novembro , xeral de subvencións (LXS).*
- . Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de Subvencións (RDXS).*
- . Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- . Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.*
- . Convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de educación para actividades a desenvolver no P.T.I.D.R. Aldea Nova e na área medioambiental Río Xuvia-Pedroso.*
- . Bases de execución do orzamento do exercicio 2015.*

*Á vista do exposto e dos informes emitidos pola Xefa do Servizo Sociocomunitario de data 02/06/2016 de maio de 2016, esta xefatura PROPÓN á Concelleira Delegada para Cooperación no Ensino e Bibliotecas,*



*de acordo coa Resolución da Alcaldía de data 02/07/2015, eleve proposta á Xunta de Goberno Local para a adopción do seguinte acordo :*

*Aprobar a xustificación parcial, por importe de 3.472,05€, presentada polo CEIP A SOLAINA, con C.I.F. Q-6555187-A, mediante facturas xustificativas por importe de 3.425,20€ e procedendo ao reintegro de 46,85€ correspondente ao convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural “Aldea Nova” e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso no período 01/01/2015 ao 31/12/2015.*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará os acordos que estime máis oportuno”*

